



## NOTA INFORMATIVA

Unha vez entren en vigor as novas listaxes de persoal interino convocadas pola Resolución do 28 de xaneiro de 2022, as bolsas anteriores quedarán automaticamente anuladas de conformidade coa disposición transitoria segunda da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Aquelas persoas interesadas en quedar en **situación de suspensión de chamamentos** conforme o establecido no artigo 16 da Orde poden  cursar a dita solicitude coa documentación acreditativa necesaria a partir de hoxe, e ata cinco días hábiles tras a publicación das listaxes, por correo electrónico ante a xefatura territorial correspondente. A suspensión terá efectos dende a entrada en vigor das novas bolsas.

Recórdase que **o persoal interino que estaba en situación de suspensión temporal nas anteriores bolsas deberán solicitar novamente a suspensión xa que non pasarán a esta situación de forma automática.**

En relación ás **renuncias**, todas aquelas persoas que presenten a renuncia, tanto sexan integrantes das bolsas actuais como persoal procedente do SPEG, antes da entrada en vigor das novas bolsas, serán expulsadas das anteriores sen que isto afecte á súa situación nas bolsas novas.

**A renuncia presentada unha vez entren en vigor as novas bolsas suporá en todo caso a exclusión nestas.**

Por último, en relación ao proceso iniciado para a elección de bolsa, cómpre ter en conta que o persoal que integra as listas de baremados, unha vez cesen no posto de traballo para o que sexan chamados, volverán ao mesmo posto que ocupaban na lista con independencia do tempo traballado.

A continuación facilítase a información de contacto coas xefaturas territoriais:

### **Xefatura Territorial da Coruña,**

Servizo de Xustiza,

Correo electrónico : [servizo.xustiza.coruna@xunta.gal](mailto:servizo.xustiza.coruna@xunta.gal)

Tfno. 981 184 472/ 981 184 456

### **Xefatura Territorial de Lugo,**

Servizo de Xustiza,

Correo electrónico: [persoal.presidencia.lugo@xunta.gal](mailto:persoal.presidencia.lugo@xunta.gal)

Tfno. 982 294 308/ 982 29 49 95

### **Xefatura Territorial de Ourense,**

Servizo de Xustiza,

Correo electrónico: [sxsa.l.xustiza.ourense@xunta.gal](mailto:sxsa.l.xustiza.ourense@xunta.gal)

Tfno. 988 386 408

### **Delegación Territorial de Vigo,**

Servizo de Xustiza,

Correo electrónico: [servizoxustiza.vi@xunta.gal](mailto:servizoxustiza.vi@xunta.gal)

Tfno. 986 817 716/ 986 817 788